CA1.1 Analízase e interprétase a contorna nos seus aspectos xerais e locais desde unha perspectiva sistémica e integradora, a través de conceptos e procedementos xeográficos, identificando os seus principais elementos e as interrelacións existentes, e valorando o grao de sustentabilidade e equilibrio dos espazos a partir de actitudes de defensa, protección, conservación e mellora da contorna (natural, rural e urbana)
CA1.2 Relacionáronse as culturas e as civilizacións que se desenvolveron ao longo da historia desde a prehistoria á Idade Moderna nun contexto xeral e próximo, e reflexionouse sobre os múltiples significados que adoptan e as súas finalidades, explicando e valorando a realidade multicultural que se xerou ao longo do tempo, e analizando as situacións e os problemas do presente
CA1.3 Valorouse, protexeuse e conservouse o patrimonio artístico, histórico, natural e cultural como fundamento da nosa identidade colectiva, considerándoo un ben recreativo e cultural e un recurso para o desenvolvemento dos pobos, apreciando o legado histórico, institucional, artístico e cultural en Europa, España e Galicia como patrimonio común, e realizáronse propostas que contribúan á súa conservación e a un desenvolvemento ecosocial sustentable
CA1.4 Interpretouse a realidade europea, española e galega actual desde a perspectiva do desenvolvemento sustentable e a cidadanía global, recoñecendo a importancia de implicarse na procura de solucións e no modo de concretalas desde a propia capacidade de acción, e valorando a contribución de programas e misións dirixidos polos estados, os organismos internacionais e as asociacións civís para o logro da paz, a seguridade integral, a convivencia social e a cooperación entre os pobos
CA1.5 Recoñecéronse e explicáronse os mecanismos que regularon a convivencia e a vida en común ao longo da historia, desde a orixe da sociedade ata a Idade Moderna, sinalando os principais modelos de organización social e política que se foron xestando, e valorando a contribución da muller na historia
CA1.6 Adecouse o comportamento propio ao cumprimento dos principios, valores, dereitos e deberes democráticos e constitucionais, identificando os motivos e os argumentos que sustentan a súa validez e rexeitando calquera tipo de discriminación, especialmente a que se dá por motivos socioeconómicos, de xénero, de orientación sexual ou de pertenza a minorías etnoculturais
CA1.7 Aplicáronse estratexias tanto analóxicas como dixitais de procura, selección e organización de información, avaliando a súa fiabilidade e a súa pertinencia en función do obxectivo perseguido e evitando os riscos de manipulación e desinformación
CA1.8 Elaboráronse contidos propios a partir de diferentes fontes de maneira progresivamente autónoma, procurando e seleccionando a información máis adecuada, adoptando un punto de vista crítico e respectuoso cos principios de propiedade intelectual e citando as fontes consultadas
CA1.9 Realizáronse exposicións orais con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, ecosocial, educativo e profesional, axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez, coherencia e o rexistro adecuado, en diferentes soportes e utilizando de xeito eficaz recursos verbais e non verbais
CA2.1 Localízase e organizouse información obtida a partir de diversas fontes, avaliando a súa fiabilidade e a súa pertinencia en función do obxectivo e das necesidades propostas
CA2.8 Léronse de xeito autónomo textos seleccionados en función dos propios gustos, dos intereses e das necesidades, deixando constancia do progreso do propio itinerario de lectura e cultural, e explicáronse os criterios de selección das lecturas

**4.9.e) Contidos**

Contidos
Obxectivos e estratexias das ciencias sociais: procedementos, termos e conceptos.
0Diversidade social e multiculturalidade: integración e cohesión social.
Compromiso e acción ante os obxectivos de desenvolvemento sustentable.
A emerxencia climática e os problemas ecosociais. A conciencia ambiental. Compromiso e acción ante os obxectivos do desenvolvemento sustentable. Os efectos da globalización nas sociedades actuais.
Discriminacións: causas e consecuencias. Respecto polas minorías étnicas.
Contribución da muller á historia: da prehistoria á etapa moderna.

**Contidos**

Exposición de ideas e argumentos sobre diferentes feitos históricos que se abordan no curso.

Fontes históricas e arqueolóxicas do coñecemento histórico como base para a construción deste (arquivos, bibliotecas, museos, etc. ). Riscos do uso das tecnoloxías da información e da comunicación. Uso ético da información. O problema da desinformación.

As grandes migracións humanas e o nacemento das primeiras culturas prehistóricas e as primeiras persoas poboadoras na Península Ibérica e en Galicia.

As raíces clásicas de Grecia e Roma no mundo occidental: as institucións e a construción das identidades culturais e do eurocentrismo a través do pensamento e da arte.

Principais fitos da historia medieval e moderna mundial, europea, española e galega: causas e consecuencias sociais, políticas, económicas e culturais.

Organización social e política ao longo da historia: a transformación política do ser humano desde as civilizacións antigas ás monarquías da Idade Moderna.

A cidade e o mundo rural ao longo da historia: poles, urbes, cidades, vilas e aldeas. As súas características en España e en Galicia.

A pegada humana e a conservación, a protección e a defensa do patrimonio ambiental, histórico, artístico, cultural e natural. Legado cultural en España e en Galicia. A relación do ser humano e a natureza ao longo da historia.

Significado e función das expresións artísticas e culturais nas distintas civilizacións do período histórico que se aborda no curso, e exemplos puntuais dalgunha das obras ou dalgún dos movementos artísticos máis significativos.



**4.10.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
10	O espazo xeográfico e a súa evolución ante o desenvolvemento humano	32

**4.10.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Identifica, comprende e procura información sobre as causas e as consecuencias dos procesos históricos e a súa permanencia no tempo, así como as características do espazo xeográfico, os seus elementos e as súas interrelacións, recoñecendo o valor dos bens patrimoniais e culturais, o grao de sustentabilidade da contorna e a necesidade de protexelos e de conservalos	SI
RA2 - Utiliza estratexias comunicativas para interpretar e comunicar información oral e escrita en linguas galega e castelá, e para interpretar textos literarios anteriores ao século XIX nas dúas linguas, xerando criterios estéticos para a construción do gusto persoal e aplicando os principios da escoita activa, estratexias sinxelas de composición, as normas lingüísticas básicas e estratexias de análise, síntese e clasificación, de xeito estruturado e progresivo	NO

**4.10.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA1.1 Analízase e interprétase a contorna nos seus aspectos xerais e locais desde unha perspectiva sistémica e integradora, a través de conceptos e procedementos xeográficos, identificando os seus principais elementos e as interrelacións existentes, e valorando o grao de sustentabilidade e equilibrio dos espazos a partir de actitudes de defensa, protección, conservación e mellora da contorna (natural, rural e urbana)
CA1.2 Relacionáronse as culturas e as civilizacións que se desenvolveron ao longo da historia desde a prehistoria á Idade Moderna nun contexto xeral e próximo, e reflexionouse sobre os múltiples significados que adoptan e as súas finalidades, explicando e valorando a realidade multicultural que se xerou ao longo do tempo, e analizando as situacións e os problemas do presente
CA1.3 Valorouse, protexeuse e conservouse o patrimonio artístico, histórico, natural e cultural como fundamento da nosa identidade colectiva, considerándoo un ben recreativo e cultural e un recurso para o desenvolvemento dos pobos, apreciando o legado histórico, institucional, artístico e cultural en Europa, España e Galicia como patrimonio común, e realizáronse propostas que contribúan á súa conservación e a un desenvolvemento ecosocial sustentable
CA1.4 Interpretouse a realidade europea, española e galega actual desde a perspectiva do desenvolvemento sustentable e a cidadanía global, recoñecendo a importancia de implicarse na procura de solucións e no modo de concretalas desde a propia capacidade de acción, e valorando a contribución de programas e misións dirixidos polos estados, os organismos internacionais e as asociacións civís para o logro da paz, a seguridade integral, a convivencia social e a cooperación entre os pobos
CA1.5 Recoñecéronse e explicáronse os mecanismos que regularon a convivencia e a vida en común ao longo da historia, desde a orixe da sociedade ata a Idade Moderna, sinalando os principais modelos de organización social e política que se foron xestando, e valorando a contribución da muller na historia
CA1.6 Adecouse o comportamento propio ao cumprimento dos principios, valores, dereitos e deberes democráticos e constitucionais, identificando os motivos e os argumentos que sustentan a súa validez e rexeitando calquera tipo de discriminación, especialmente a que se dá por motivos socioeconómicos, de xénero, de orientación sexual ou de pertenza a minorías etnoculturais
CA1.7 Aplicáronse estratexias tanto analóxicas como dixitais de procura, selección e organización de información, avaliando a súa fiabilidade e a súa pertinencia en función do obxectivo perseguido e evitando os riscos de manipulación e desinformación
CA1.8 Elaboráronse contidos propios a partir de diferentes fontes de maneira progresivamente autónoma, procurando e seleccionando a información máis adecuada, adoptando un punto de vista crítico e respectuoso cos principios de propiedade intelectual e citando as fontes consultadas
CA1.9 Realizáronse exposicións orais con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, ecosocial, educativo e profesional, axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez, coherencia e o rexistro adecuado, en diferentes soportes e utilizando de xeito eficaz recursos verbais e non verbais
CA2.1 Localízase e organizouse información obtida a partir de diversas fontes, avaliando a súa fiabilidade e a súa pertinencia en función do obxectivo e das necesidades propostas
CA2.8 Léronse de xeito autónomo textos seleccionados en función dos propios gustos, dos intereses e das necesidades, deixando constancia do progreso do propio itinerario de lectura e cultural, e explicáronse os criterios de selección das lecturas

**4.10.e) Contidos**

Contidos
Obxectivos e estratexias das ciencias sociais: procedementos, termos e conceptos.
0Diversidade social e multiculturalidade: integración e cohesión social.
Compromiso e acción ante os obxectivos de desenvolvemento sustentable.
A emerxencia climática e os problemas ecosociais. A conciencia ambiental. Compromiso e acción ante os obxectivos do desenvolvemento sustentable. Os efectos da globalización nas sociedades actuais.
Discriminacións: causas e consecuencias. Respecto polas minorías étnicas.
Contribución da muller á historia: da prehistoria á etapa moderna.

**Contidos**

Exposición de ideas e argumentos sobre diferentes feitos históricos que se abordan no curso.

Fontes históricas e arqueolóxicas do coñecemento histórico como base para a construción deste (arquivos, bibliotecas, museos, etc. ). Riscos do uso das tecnoloxías da información e da comunicación. Uso ético da información. O problema da desinformación.

As grandes migracións humanas e o nacemento das primeiras culturas prehistóricas e as primeiras persoas poboadoras na Península Ibérica e en Galicia.

As raíces clásicas de Grecia e Roma no mundo occidental: as institucións e a construción das identidades culturais e do eurocentrismo a través do pensamento e da arte.

Principais fitos da historia medieval e moderna mundial, europea, española e galega: causas e consecuencias sociais, políticas, económicas e culturais.

Organización social e política ao longo da historia: a transformación política do ser humano desde as civilizacións antigas ás monarquías da Idade Moderna.

A cidade e o mundo rural ao longo da historia: poles, urbes, cidades, vilas e aldeas. As súas características en España e en Galicia.

A pegada humana e a conservación, a protección e a defensa do patrimonio ambiental, histórico, artístico, cultural e natural. Legado cultural en España e en Galicia. A relación do ser humano e a natureza ao longo da historia.

Significado e función das expresións artísticas e culturais nas distintas civilizacións do período histórico que se aborda no curso, e exemplos puntuais dalgunha das obras ou dalgún dos movementos artísticos máis significativos.

## 5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Os mínimos exigibles elaboraranse ao longo do curso, tendo en conta as características e as diferentes capacidades e motivacións na aprendizaxe do alumnado neste curso. Débese ter en conta á hora do seu establecemento a necesaria adaptación a cada situación, as características do alumnado en cada momento e o nivel mostrado na avaliación inicial realizada.

A avaliación farase de xeito permanente e diaria na sesión de clase tendo en conta o traballo do alumno, así como o seu interese, motivación e participación na aula.

O alumnado superará o Módulo realizando todas as tarefas que as profesoras estimen pertinentes segundo as características do grupo e mostrando o seu interese nas mesmas.

Establécese como mínimo exigible para alcanzar a avaliación positiva no conxunto do Módulo que o alumnado teña superados positivamente os Criterios de Avaliación (CA) sinalados para cada unha das Unidades Didácticas, avaliados segundo o procedemento indicado para cada caso (proba escrita, lista de cotexo ou táboa de observación).

Ao estar constituído o Módulo de Comunicación e Sociedade por tres Unidades Formativas, as medias para a cualificación do módulo faranse segundo as seguintes porcentaxes atendendo ao seu peso en horas lectivas e tendo en conta que só se fará media se a nota do alumno é igual ou superior a un 5 en todas e cada unha das Unidades Formativas:

- Comunicación en linguas galega e castelá I: 40%
- Comunicación en lingua inglesa I: 30%
- Sociedade I: 30%

A cualificación final na UF "Comunicación en linguas galega e castelá I" obterase segundo os seguintes criterios de cualificación: Notas de probas (70%)+ notas de traballos (20%) + asistencia e traballo de clase (10%)

A cualificación final na UF "Lingua inglesa I" obterase mediante os seguintes criterios de cualificación: Notas de probas orais e escritas (80%) + realización de traballos/tarefas e asistencia e traballo de clase (20%)

A cualificación final na UF "Sociedade" obterase cos seguintes criterios de cualificación: Notas de probas (70 %) + notas de traballos (20%) + asistencia e traballo de clase (10%)

A nota da convocatoria de xuño será a media simple das tres avaliacións. O redondeo da nota será á baixa ou á alta en función do criterio das profesoras tendo como referencia: a evolución do alumnado ao longo do curso con relación aos Resultados de Aprendizaxe, a actitude e comportamento e a nota da terceira avaliación.

Para poder ser avaliados empregando estes mínimos e dado o carácter eminentemente teórico-práctico que ten este módulo, os/as alumnos/as deberán cumprir tamén as seguintes condicións:

- Colaborar de xeito activo no desenvolvemento das tarefas propostas, tanto con carácter individual como de traballo en grupo.
- Ter realizadas todas as probas
- Ter rematado en prazo os traballos e entregado as memorias correspondentes.

Ao tratarse dun ciclo de Formación Profesional Básica e tal como se sinala na Orde do 13 de Xullo de 2015 (DOG do 22 de Xullo de 2015) no seu artigo 20 (Avaliación), parágrafo 5:

"A perda do dereito á avaliación continua nun determinado módulo, regulado no artigo 25 da Orde do 12 de xullo de 2011, non será de aplicación ao alumnado de ciclos de formación profesional básica en idade de escolarización obrigatoria".

Debe entenderse que o devandito dereito non contradí o sinalado no apartado "Programación da educación en valores" no que se fai fincapé na asistencia ás clases, polo que, con independencia da existencia ou non dunha xustificación razoada e dada a importancia do traballo na aula, considerarase que o/a alumno/a cuxas faltas de asistencia á clase superen o 10% das sesións, nunha avaliación ou ao longo do curso, non poderá ter unha avaliación positiva. Para este cómputo, a impuntualidade reiterada pasará a considerarse como falta. Ademais, por homoxeneidade de criterios, seguirase falando de "Alumnado con perda de dereito a avaliación continua" para o caso daquel alumnado ao que se lle aplique este criterio.

De tódolos xeitos, para acadar unha avaliación positiva a final do curso o alumnado deberá ter os coñecementos teórico prácticos suficientes para demostrar que se acadaron os resultados de aprendizaxe relacionados no apartado da metodoloxía. Neste senso, no apartado 4 indícanse, para cada unha das Unidades Didácticas, os contidos mínimos a acadar polo alumnado para cada un dos criterios de avaliación indicados para cada resultado de aprendizaxe (tal e como se indicou no primeiro parágrafo estes contidos mínimos poden sufrir algún tipo de variación ao longo do curso, que será debidamente explicada ó alumnado).

Por último, debido as particularidades de promoción establecidas na FP Básica, tamén se fará unha proba coincidindo coa segunda avaliación dos módulos correspondentes ao segundo curso, para o caso de aquel alumnado que promocionase con este módulo suspenso, para garantir (de ser o caso) que poidan incorporarse á FC

## **6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas**

### **6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación**

Este procedemento aplicarase no caso daqueles/as alumnos/as que non acaden unha avaliación positiva no discorrer normal do curso e non lles sexa aplicable ou suficiente o indicado no apartado "Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados".

Para aqueles alumnos que, malia as medidas levadas a cabo en cada unidade didáctica, non acaden os resultados de aprendizaxe marcados, deseñaremos unhas medidas de recuperación ou reforzo. Estas medidas planificaranse en función dos resultados de aprendizaxe que o alumno non acadou e irán enfocadas a detectar a causa de por que non as acada. Para iso, pódense empregar diferentes recursos: lecturas de textos que consideramos que lles axudan a entender conceptos básicos, o visionado de material gráfico que lles permita entender os contidos mediante a imaxe e, si fose conveniente, a interacción con outros compañeiros nas actividades de ensino-aprendizaxe. Temos que aproveitar, que sempre hai na aula alumnos motivados e estes son un excelente recurso para aqueles que non acadan os obxectivos, analizando a conveniencia de traballos conxuntos nos que poidamos xerar sinerxias de traballo, pero coidando que as dificultades duns coincidan cos puntos fortes do outro, de non ser así a medida podería ser improductiva.

As actividades de recuperación constarán de dúas partes:

\* Parte autónoma. Constará da realización de exercicios e traballos similares aos realizados durante o curso nos que se definirán como mínimo os obxectivos e o tempo máximo para entregalos. Será condición indispensable que o/a alumno/a dispoña persoalmente do material para realizar o traballo (libro de texto, dicionarios, ordenador, mapas, etc ).

\* Parte presencial. Constará dunha proba escrita por cada Unidade Formativa, de formato idéntico ao empregado na avaliación ordinaria, que se

valorará de 0 a 10 puntos, na que o resultado final será a media entre as tres Unidades Formativas seguindo as porcentaxes indicadas no punto 5 da programación. Esta proba realizarase coincidindo co remate do curso,

### **6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua**

Aplicarase este procedemento cando o/a alumno/a:

- \* Teña perdido o dereito á avaliación continua (no caso de superar a idade de escolarización obrigatoria).
- \* Non colaborara de xeito activo no desenvolvemento das tarefas propostas.
- \* Non rematara en prazo os traballos.
- \* Non lle fosen aplicables ou non superase as actividades de recuperación propostas.

Neste caso o/a alumno/a terá que realizar para cada unha das Unidades Formativas non superadas unha proba escrita de toda a materia que será cualificada de 0 a 10 puntos. Para superar a avaliación deberá obter unha puntuación igual ou superior a 5 puntos.

Igualmente, para estas probas terá a consideración de mínimo esixible o cumprimento dos valores indicados no apartado "Programación da educación en valores" segundo os criterios alí indicados, os cales, polo seu carácter transversal, afectarán a todas e cada unha das Unidades Didácticas.

### **7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente**

Á hora de facer un correcto seguimento da programación e poder avaliar a propia práctica docente compre sinalar que o desenvolvemento da mesma vai ter unha marcada interdependencia alumno/a-profesor/a. Por iso é preciso que a análise sexa feita sobre ambos.

Polo que respecta ao alumnado, o mellor indicador da súa evolución vai ser a "ficha do alumno" que vai permitir extraer unha información vital para o/a profesor/a, xa que permitirá analizar o grao de comprensión dos conceptos e a destreza adquirida mediante a visualización das cualificacións e anotacións.

O contraste desta información co sinalado no detalle das distintas Unidades Didácticas complementará ao seguimento realizado a través da aplicación web de xeito que ao avanzar o curso se poidan realizar modificacións, por exemplo nos tempos inicialmente asignados, para acadar un mellor cumprimento das esixencias previstas.

Trimestralmente, coincidindo con cada avaliación, determinarase se o número de suspensos é aceptable. De ser moi alto revisarase a metodoloxía docente, propoñendo novos traballos, exercicios máis sinxelos e/ou cambiando a disposición de espazos, de tal xeito que o alumnado poida axudarse entre si. En todo caso, implementaranse as medidas de reforzo oportunas.

O resultado desta análise terá o seu reflexo na Memoria Final do módulo e servirá de base, de ser o caso, para adoptar correccións futuras

### **8. Medidas de atención á diversidade**

#### **8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial**

Ao inicio de curso, consultarase co Departamento de Orientación para coñecer as dificultades do alumnado en relación á expresión oral ou escrita, á capacidade de abstracción, á correcta utilización das fontes de información, á utilización lóxica na resolución de tarefas, ao dominio das técnicas de estudo elementais, etc. Esta avaliación inicial serve para detectar o nivel do alumnado antes de comezar o curso e os problemas de aprendizaxe concretos que pode presentar.

Como instrumento poderanse empregar: -probas escritas e orais, cuestionarios sinxelos, entrevistas...

Os informes facilitados na Avaliación Inicial do Ciclo Formativo (segundo o establecido na Orde do 12 de Xullo de 2012) facilitarán as situacións académicas e persoais do alumnado e servirán para fixar un punto de partida.

Sen embargo, ao inicio do curso poderase facer na aula unha posta en común de coñecementos, a cal terá como obxectivo exclusivo unha análise, centrada nos contidos do módulo, da situación real do alumnado con respecto á materia a desenvolver e á súa capacidade de autoformación. En ningún caso esta avaliación inicial terá carácter vinculante nin suporá unha modificación dos mínimos esixidos.

### 8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

No que respecta ás medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados pódense dar dúas situacións posibles: alumnado que teña, por razóns persoais, necesidades educativas especiais e alumnado que no desenvolvemento do curso necesite un apoio adicional.

Para o caso do alumnado que teña necesidades educativas especiais e tal como indica o Artigo 61 do Decreto 114, do 1 de Xullo, respectarase o establecido na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de Maio, polo que cada caso será analizado particularmente, establecendo as flexibilizacións e apoios oportunos para garantir que se cumpren os mínimos fixados no apartado "Mínimos esixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación". Esta situación verase reflectida na "ficha do alumno" e as flexibilizacións e apoios fixados terán que contar coa autorización e visto bo da Inspección de Educación.

No caso do alumnado que, sen ter necesidades educativas especiais, poida precisar ao longo do curso dun apoio adicional e cando o reflectido na "ficha do alumno" así o aconselle, ofreceráselle a posibilidade de reforzar a súa aprendizaxe e mesmo recuperar partes non superadas.

Atoparanse nesta situación aqueles/as alumnos/as que:

- \* Non teñan perdido o dereito á avaliación continua (no caso de superar a idade de escolarización obrigatoria).
- \* Colaboren de xeito activo no desenvolvemento das tarefas propostas, tanto con carácter individual como de traballo en grupo.
- \* Non acaden parcialmente os mínimos dunha Unidade Didáctica.

e

- \* Amosen a súa dispoñibilidade a traballar en autoformación.

Se cumpren todos os puntos, acordarase co/coa alumno/a a realización dun ou varios traballos nos que se definirán, entre outros, os datos de partida, os obxectivos e o tempo máximo para entregalos. Será condición indispensable que o/a alumno/a dispoña persoalmente do equipo necesario para realizar o traballo (ordenador, programas, etc), estando en todo momento apoiado polo profesor en tarefas de titoría.

O conxunto destas tarefas en ningún caso suporá unha rebaixa dos mínimos esixidos reflectidos no apartado "Mínimos esixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación", se non que constitúe unha ferramenta de apoio para a consecución dos mesmos.

## 9. Aspectos transversais

### 9.a) Programación da educación en valores

A Educación en Valores está intimamente ligada aos obxetivos do módulo, de xeito que:

Con esta idea, fíxanse os seguintes Valores (V) e os seus correspondentes Criterios de Avaliación (CA):

- V1. Puntualidade no inicio e remate das tarefas.
- CA1.1. Asistiuse con puntualidade ás clases.
- CA1.2. Cúmprense os tempos fixados para a realización das tarefas encomendadas.
- V2. Orde e limpeza no manexo e elaboración da documentación.
- CA2.1. Entregáronse memorias estruturadas, escritas con claridade e cumprindo a normativa.
- V3. Rigor no manexo da documentación.
- CA3.1 Interpretáronse planos, mapas, documentación cotiá para a vida nas distintas linguas, documentos históricos, xeográficos e gráficos.
- V4. Calidade da documentación
- CA4.1. Verificouse a idoneidade da documentación manexada para a vida real.
- V5. Orde e método de traballo.
- CA5.1. Mantívose o contorno de traballo ordenado e limpo.

- V6. Traballo en equipo.
- CA6.1. Implicouse na consecución dos obxectivos por parte de todos os membros do equipo.
- CA6.2. Mantívose unha actitude de respecto cos compañeiros e profesorado e calquera membro da comunidade educativa.
- V7. Calidade do traballo.
- CA7.1 Alcanzouse ou superouse a calidade esixida no traballo.
- V8. Coidado da contorna e da natureza
- CA8.1. Procurouse non desperdiciar materiais.
- CA8.2. Fomentouse a necesidade da reciclaxe na súa vida diaria.

Malia aparecer algúns deles no propio currículo, compre recalcalos xa que o incumprimento de calquera destes Criterios de Avaliación impedirá obter unha avaliación positiva das Unidades didácticas e/ou do módulo. Deste xeito, os seus Criterios de Avaliación (CA) serán avaliados no traballo diario ao longo de todo o curso, aplicando o procedemento de "Lista de Cotexo" con dous valores: Cumpre e Non Cumpre.

Ao tratarse dun ciclo de Formación Profesional Básica e tal como se sinala na Orde do 13 de Xullo de 2015 (DOG do 22 de Xullo de 2015) no seu artigo (Avaliación), parágrafo 5:

"A perda do dereito á avaliación continua nun determinado módulo, regulado no artigo 25 da Orde do 12 de xullo de 2011, non será de aplicación ao alumnado de ciclos de formación profesional básica en idade de escolarización obrigatoria".

Debe entenderse que o devandito dereito non contradí o sinalado neste apartado ao facerse fincapé na asistencia ás clases, polo que, con independencia da existencia ou non dunha xustificación razoada e dada a importancia do traballo na aula, considérase que o alumnado cuxas faltas á clase superen o 10% das sesións, nunha avaliación ou ao longo do curso, non poderá ter unha avaliación positiva. Para este cómputo, a impuntualidade reiterada pasará a considerarse como falta. Ademais, por homoxeneidade de criterios, seguirase falando de "Alumnado con perda de dereito a avaliación continua" para o caso daquel alumnado ao que se lle aplique este criterio.

### 9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Charlas con empresas e tamén conferencias a longo do curso para orientalos no seu futuro profesional

## 10. Outros apartados

### 10.1) Impartición simultánea das tres asignaturas que compoñen o módulo

Cada unha das tres unidades formativas que compoñen o módulo, Comunicación en LG e LC I / Comunicación en lingua inglesa I / Sociedade I, serán impartidas de forma simultánea ao longo do curso.

Poderanse facer os axustes necesarios ao longo do curso, quedando reflectidas as variacións realizadas, de ser o caso, no seguimento da programación e/ou na Memoria Final.

### 10.2) Observacións sobre o traballo diario na aula

Os/As alumnos/as manexarán textos en castelán, galego e inglés; ademais traballarán con textos históricos, mapas e gráficos.

Valoraranse moito ás simulacións con documentación que valerá para a vida cotiá (xornais, curriculum, instancias, mensaxes de texto, correos electrónicos, ...).

Simulacións orais de situacións cotiás.

### 10.3) Descrición dos instrumentos de avaliación e do seu peso na avaliación

Os criterios de avaliación van ser valorados empregando distintos instrumentos de avaliación. Estes terán as seguintes características:

PE (Proba escrita): terá, con carácter xeral, o formato de exame escrito. Para cada proba indicárase na mesma a puntuación de cada unha das

preguntas. O conxunto da proba terá unha valoración de 1 a 10. Poderá agrupar varias Unidades Didácticas e, neste caso, aplicarase a nota obtida a todas elas.

LC (Lista de Cotexo): serán aplicadas por observación directa do traballo do alumnado. Cada unha delas será avaliada segundo o criterio Cumpre ou Non Cumpre.

TO (Táboa de observación): avaliarase empregando unha Escala de Valoración (EV): Ben, Regular, Mal. Para o caso de prácticas realizadas na aula serán avaliadas por observación directa dos resultados cunha EV numérica de 1 a 10.

OU (Outros): aplicarase unha EV: Ben, Regular, Mal.

Á hora de avaliar as distintas Unidades (UD), empregárase o seguinte criterio:

1º.- Para poder obter unha valoración positiva todos os LC aplicados á UD deben ter valoración Cumpre.

2º.- Debe obterse unha nota superior a 5 en todas as PE.

3º.- Para obter unha valoración positiva, a UD non pode ter TO cualificados como Mal.

4º.- Para obter unha valoración positiva, debe obterse unha valoración superior a 5 en todas as TO asociadas ás prácticas que o alumnado fai na aula comprobando os BC.

5º.- Para obter unha valoración positiva, a UD non pode ter OU cualificados como Mal.

Con carácter xeral e salvo excepción, reflectida de ser o caso no seguimento da programación, no momento en que se acade a posibilidade de obter unha valoración positiva na UD aplicarase a seguinte porcentaxe:

NOTA UD= 50% (PE) + 50% (TO)

A nota incrementárase en función das valoracións Ben obtidas nos TO e OU asociados á UD.

No caso de non acadar o mínimo para obter unha avaliación positiva a nota máxima da UD será 4.

#### 10.4) Composición da Proba extraordinaria Xuño

Salvo casos excepcionais, debidamente xustificadas e documentados, esta PE abranguerá todos e cada un dos CA incluídos na programación. Debe obterse unha nota igual ou superior a 5 sumando as notas de cada UF.